



Resolución do 25 de setembro de 2020 do Servizo Provincial da Coruña que sinala data para o levantamento de actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados polo "Prox. de trazado da reordenación do sistema viario do núcleo de As Pontes de G. R., para o cumprimento da Directiva 2010/75/UE, nas Pontes de García Rodríguez, (AC/16/248.01)

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu apartado 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

Con data de 31 de maio de 2018 a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da reordenación do sistema viario do núcleo das Pontes de García Rodríguez, para o cumprimento por parte da central térmica da Directiva 2010/75/UE, sobre emisións industriais, no concello de As Pontes de García Rodríguez (clave AC/16/248.01), por Decreto 65/2018, publicado no Diario Oficial de Galicia de data de 18 de xuño de 2018.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de As Pontes, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de As Pontes de García Rodríguez.

Lugar: Salón de Plenos de la Casa Consistorial

Data: 27 de outubro de 2020, ás once horas da mañá.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no concello de As Pontes de García Rodríguez, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (r/ Vicente Ferrer nº 2, 8º andar, 15.071 A Coruña), e publicarase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Web/Contidos/Aviso/aviso_0185.html

Así mesmo realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, no seu caso outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar a súa costa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.

A Coruña, asinado electrónicamente

Felipe de la Vega Gándaras
Xefe do Servizo Provincial da Coruña

